

Feira do Barrio de San Pedro

28 de xuño 2008

A Asociación Cultural do Barrio de San Pedro está organizando unha Feira para o vindeiro sábado 28 de Xuño. Esta Feira forma parte do programa das **Festas do Barrio de San Pedro** (25 a 29 de Xuño): **www.fbsp.info**

A Asociación de Comerciantes do Barrio de San Pedro colabora na organización das Festas, exercendo as tarefas de coordinación da Feira.

Datos Básicos da Feira:

- Día: **sábado 28 de xuño**
- Horario da feira: **11h a 21:30h**
- Horario de Montaxe: De 9 a 11 h (a partires das 11 h non se poderá acceder co coche á rúa de San Pedro).
- Horario de peche da rúa ó trafico: de 9 a 00h (posibilidade de deixar os postos ata esa hora se se quere)

Sobre os Postos:

- Cada artesán **deberá traer todo o necesario para montar o seu posto**. No momento da inscrición deberán indicar nome, actividade que desenvolven e os metros que ocupa (para os artesáns que participan por primeira vez)
- Non haberá tomas de corrente. A iluminación correrá a cargo de cada artesán.

Para facer a inscrición :

- A inscrición pode facerse por teléfono no **981 57 51 47**, mail **comerciantessanpedro@yahoo.es**, o en persona no local **"Como Pez en el Agua"** situado na rúa de San Pedro nº 79.
- O cuota de participación dos artesáns será de **6 € para os postos pequenos** (ata 1 m) et de **10 € para os postos grandes (máis de 1m)**
- A cuota deberá pagarse antes do día 20 de xuño, mediante ingreso en conta bancaria (indicando o nome do artesán). Ou pode pagarse en efectivo en "Como Pez en el Agua".
- Conta bancaria: **CAIXAGALICIA 2091-0379-69-3040004076** á cargo da Asociación de Comerciantes do Barrio de San Pedro
- Esta cuota NON é unha fianza, polo que **NON será devolta** o día da feira (salvo en caso de anulación da feira por choiva forte).
- A data límite de inscrición será o 20 de xuño.

Distribución dos postos:

- A distribución dos postos corre a cargo da Asociación de Comerciantes de San Pedro, que é a organizadora da feira. Os postos que xa participaran noutras edicións estarán situados no mesmo lugar, salvo petición especial.
- Para coñecer a situación do posto, pode facelo chamando a partir do mércoles 25 de xuño ó 981 57 51 47. Ou o mesmo día haberá unha lista coa distribución dos postos en "Como Pez en el Agua", no número 79 da rúa.

- Para máis información contactar con:

Leonor: comerciantessanpedro@yahoo.es ou no teléfono 981 57 51 47 (en horario comercial de 10:30 a 13:30 e de 17h a 20:30, sábados de 11h a 14h)